



## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 25 DE XUÑO DE 2020

1.- **Ratificación da urxencia da convocatoria.** Ratifícase a urxencia da convocatoria

2.- **Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa ao proxecto de modificación da base 33.2 de execución do orzamento municipal para 2020, de suplemento de crédito 2020-SUPLE-03; e de crédito extraordinario 2020-CREXT- 07, financiado con baixas por anulación.** Apróbase a proposta de modificación de crédito por 90.998 que se destinará ao programa aparcadoiro para facilitar as compras dirixido ao conxunto do comercio local compostelán. Esta cantidade procede das baixas por anulación do crédito dispoñible nas aplicacións orzamentarias 010 43200 2269900 e 010 43100 2269900.

3.- **Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á solicitude de continuidade do servizo de limpeza e desinfección de dispositivos de auga quente sanitaria e auga fría de consumo humano para o control e prevención da contaminación por lexionela nas instalacións deportivas municipais.** Apróbase a continuidade do actual servizo de limpeza e desinfección de ditos dispositivos que está a desenvolver a empresa AGRONERGA, por un tempo estimado de 3 meses mentres se procede á adxudicación da nova prestación. O orzamento para estes tres meses manterá a facturación actual e ascende á cantidade de 4.475,49 euros, IVE engadido.

4.- **Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación do expediente de execución das obras recollidas no proxecto "renovación do céspede sintético e peche perimetral do campo de fútbol de As Cancelas", gasto e apertura do procedemento de adxudicación.** Acórdase a aprobación do expediente, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 363.635,31 euros (IVE aparte do 21% que ascende a 76.363,41 euros)

5.- **Proposta do concelleiro delegado de Obras relativa á aprobación do expediente de execución das obras recollidas no "Proxecto de rehabilitación enerxética de inmobles de titularidade municipal", gasto e apertura do procedemento de adxudicación.** Acórdase a aprobación do expediente , así como a aprobación do gasto correspondente e á apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 375.907,53 euros (IVE aparte do 21% que ascende a 78.940,58 euros).